Consello Social
Universidade de Vigo

Edificio Miralles
Acceso 3 – Oficina 15
Campus Universitario
36310 Vigo

Tel: 986 812663

www.consellosocial.uvigo.es
secoso@uvigo.es

O Consello Social da Universidade de Vigo co obxectivo específico de complementar a formación do estudantado mais alá das aulas, convoca unha nova edición das axudas a **titulacións de grao** con dificultades para o acceso do seu alumnado ás prácticas.

Unha vez aprobada a concesión, poderase percibir un 60% do total con cargo aos gastos que se acrediten. O importe restante quedará suxeito á presentación da correspondente memoria de cumprimento.

A dotación económica total mantense nos 30.000 €, cunha contía económica para cada solicitante dun máximo de 5.000 €, consonte a avaliación e asignación que efectuará a Comisión de Actividades e Servizos oportunamente.

O prazo para a presentación de propostas rematará o **22 de xaneiro de 2026.**

O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

ERNESTO PEDROSA SILVA

Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2025.12.09 12:10:14 +01'00'

Direccións e Decanatos dos centros da Universidade de Vigo

Consello Social
Universidade de Vigo

PLAN DE APOIO ÁS TITULACIÓNS CON PRÁCTICUMS QUE ATOPAN DIFICULTADES PARA REALIZAR AS PRÁCTICAS PREPROFESIONAIS

CONVOCATORIA DE AXUDAS

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso das persoas tituladas ás demandas dos empregadores, complementar a formación do estudantado fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable,

O Consello Social **convoca** axudas ás titulacións de grao da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que o seu alumnado acceda ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica profesional, así como achegar información e asesoramento ao alumnado sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, relatorios, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito do que se trate.

Consello Social
Universidade de Vigo

BASES DA CONVOCATORIA

1. REQUISITOS

- Poderán acceder ás axudas as **titulacións de grao** que contemplen prácticas no seu plan de estudos e que se atopen con dificultades para a súa realización.
- As actividades desenvolveranse ao longo do exercicio 2026.

2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa responsable do centro deberá presentar a solicitude a través do rexistro electrónico, dirixida á Secretaría do Consello Social da Universidade de Vigo, mediante o impreso que se xunta.

Achegarase a seguinte documentación:

- Programa de Prácticum previsto.
- Calendario de realización das actividades.
- Breve descrición de obxectivos e contidos, expondo e xustificando razoadamente as circunstancias excepcionais e as dificultades da titulación para o acceso ás prácticas.
- Proposta inicial de orzamento.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 22 de xaneiro de 2026.

3. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes serán avaliadas de xeito ponderado pola Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social.

No proceso de avaliación primarán as prácticas externas colectivas sobre as conferencias, tendo a mesma consideración ben sexan convocatorias presenciais ou telemáticas. Tamén se valorará o número de alumnado que intervén ou é beneficiario. Así mesmo veranse favorecidas as solicitudes que teñan un maior grao de execución da axuda que lle fose concedida na edición anterior.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo ao orzamento do Consello Social e o importe máximo do crédito orzado ascenderá a 30.000 €.

O importe máximo da axuda a cada programa aprobado será de 5.000 euros, e a contía final adxudicada será determinada pola Comisión de Actividades e Servizos en bases aos criterios expostos.

Do importe da axuda asignada a cada titulación poderase percibir, unha vez aprobada a concesión, ata un 60% do total con cargo aos gastos que acredite. O 40% restante quedará suxeito á presentación dunha memoria final na que se xustificará o desenvolvemento e cumprimento do programa.

Consello Social
Universidade de Vigo

ANEXO I: IMPRESO DE SOLICITUDE

Convocadas polo Consello Social da Universidade de Vigo axudas ás titulacións de grao para o fomento de actuacións de orientación, información e prácticas que permitan un maior achegamento do estudantado ás demandas do mercado laboral, como responsable da titulación, solicito a inclusión na convocatoria.

CENTRO E CAMPUS	***TITULACIÓN (só titulacións de Grao)***

1º APELIDO	***2º APELIDO***	***NOME***

CORREO ELECTRÓNICO	***TFNO. (fixo)***	***TFNO. (móbil)***

¿A titulación ten organizado Programas de Prácticas para o alumnado dos últimos cursos en anos precedentes?

En caso afirmativo, indique os resultados principais

ANO	***Nº de Entidades / Organizacións colaboradoras***	***Nº de prácticas ofertadas***	***Nº de alumnos participantes***

Achégase Programa proposto e calendario de execución.

, de do

Sinatura